

Esiximos a derogación inmediata dos acordos do Estado Español co Vaticano

Por unha sociedade laica

Por una sociedad laica

*Por una escuela laica
Escola laiko baten alde
Per una escola laica
Por unha escola laica*

Esiximos que a relixión saia fóra do horario lectivo

Esta declaración subscribímola

Europa Laica / Confederación de Sindicatos de Trabajadores de la Enseñanza (STES-Intersindical) / Confederación Española de APAS (CEAPA) / Sindicato de Estudiantes / Izquierda Unida / Confederación General del Trabajo (CGT) / Confederación Estatal de Movimientos de Renovación Pedagógica / ATEUS de Cataluña / Federación Estatal de Gays y Lesbianas / SOS Reclamo / PCE / Juventudes Comunistas / Izquierda Republicana / Unidad Cívica por la República / Foro por la Educación Pública / Los Verdes / Liberación - Amnuta / Foro Por Otra Escuela / Liga per la Lluita de Catalunya / Andalucía Laica / Granada Laica / Asociación de Maestros Rosa Sensat / Asociación Pili Mergell por la Educación Pública y Laica / Asociación Gallega de Úbeda / Asociación Cultural Escuela Laica de Valladolid / Asociación Escuela Laica de Albacete / Fundación Escuela Pública de Zaragoza / Colectivo Escuela Laica de Zaragoza / Foro Ciudadano de la Región de Murcia / Federación Regional de Asociaciones de Vecinos de Madrid / Federación de Asociaciones de Vecinos de Valladolid / Club de Amigos de la UNESCO de Madrid / No nos Resignemos / Asociación Manuel Azaña / Plataforma Cultura contra la Guerra / Más Democracia / Espacio Alternativo / LISTED-STEa / Intersindical Alternativa Catalana (IAC) / Encuentros Asamblearios de Canarias (EA-Canarias) / Asociación REDES de Sevilla / Asociación Laica de Rivas Vieclamadrid / FIDA-Federación Internacional de Ateos / Cultura Laica / Unión de Republicanos de La Isla, San Fernando, Cádiz / Partido Humanista / Trabajadores y Jóvenes por la República



Esiximos que ningunha simboloxía relixiosa teña presenza institucional nos centros escolares

Por unha escola laica

Relixión fóra da escola

Significado de laicismo

O laicismo responde ao dereito que ten toda persoa a exercer a liberdade de pensamento e de conciencia, a non ser marcada, nin discriminada en función das ideas que sosteña. Supón a separación real entre o Estado -que representa toda a poboación- e as confesións relixiosas ou outras doutrinas ideolóxicas ou filosóficas. O laicismo, ao tempo que garante a liberdade de culto, impide que as distintas igrexas ocupen espazos e obteñan privilexios que non lles corresponden, ao non responder os seus obxectivos ao interese do conxunto da sociedade, senón só ao dun grupo de persoas que compare as mesmas crenzas.

Nunha sociedade laica caben todos (crentes e non crentes), e os poderes públicos protexen e amparan a liberdade relixiosa e os distintos credos e filosofías que se foron desenvolvendo ao longo da historia. Non obstante, sectores que gozan de fortes privilexios e que proceden da etapa predemocrática, na que o Estado era oficialmente católico, tratan de confundir -intencionalmente- a opinión pública, ao relacionar o laicismo coa falta de valores e o anticlericalismo, cuestión que é radicalmente falsa.

Escola Laica

Na escola deben sentirse cómodos todo o alumnado, as súas familias e o profesorado. Os centros han de educar sen dogmas, nin verdades únicas e excluíntes, en valores humanistas, científicos e universais, na pluralidade, no respecto aos dereitos humanos, na asunción da diferenza e da diversidade, nos valores éticos, non sexistas e democráticos que son comúns a todos e a todas.

A escola non ha de ser un lugar de exclusión. Nenos e nenas non deben ser segregados en función das crenzas ou convicións das súas familias. Non podemos aceptar que se obrigue aos que non queren recibir ensinanzas de relixión a estar separados da súa clase e a adaptarse ao horario e esixencias dos que desexan seguirmos impoñendo esas ensinanzas no horario lectivo.

A relixión debe saír do horario lectivo obrigatorio, para respectar os dereitos de toda a comunidade educativa e para que non se interrompa o normal funcionamento da organización dos centros educativos.

Unha aposta decidida pola escola pública, democrática e laica, por parte da sociedade e dos poderes públicos, é unha garantía para avanzar cara a un modelo educativo integral, preventivo, compensador de desigualdades e que eduque na diversidade cultural e para a convivencia.

¿Que é LOE e o seu desenvolvemento, ante a cuestión relixiosa?

A Lei Orgánica de Educación (LOE), amparándose nuns Acordos coa Santa Sé de dubidosa constitucionalidade e lexitimidade, impón, como en normas anteriores, a relixión católica, que será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para o alumnado, e que o ensino doutras relixións se axustará ao disposto nos acordos suscritos con diferentes confesións relixiosas.

Os decretos que desenvolven a LOE obrigan ao alumnado que non quere cursar relixión a permanecer no centro educativo, e a este a xestionar "a debida atención educativa". Estes decretos esixen aos pais declarar sobre as súas crenzas relixiosas na matriculación dos seus fillos e fillas, vulnerando gravemente aspectos fundamentais da Constitución Española e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A vontade dos que desexan dar relixión xera unhas obrigas inxustas, de dubidosa constitucionalidade, e pouco éticas para o resto, feito que rexeitamos rotundamente.

Establece que as persoas que imparten relixión serán contratadas pola Administración conforme ao Estatuto dos Traballadores, polo que se consolidan os seus dereitos laborais, como consecuencia dunha materia que non debería estar presente na escola. Non obstante, o sistema de contratación destas persoas é arbitrario -son designados pola xerarquía católica-, o que orixina irregularidade administrativa e un agravio comparativo co profesorado, o acceso á función docente se realiza baixo os principios de mérito e capacidade.

RELIGIÓN FUERA DE LA ESCUELA / RELIGIJA ESKOLATIK KANPORA
RELIXIÓN FÓRA DA ESCOLA / RELIGIÓ FÓRA DE L'ESCOLA

A COMUNIDADE EDUCATIVA

PAIS E NAIS

Has DEREITO a que os teus fillos ou fillos NON ASISTAN Á CLASE DE RELIXIÓN e a que todo o seu tempo lectivo seña utilizado para desenvolver o currículo xeral. Polo tanto, NINGUÉN debe ser DISCRIMINADO en función da vontade que teña unha parte do alumnado de asistir á relixión. O desexo dos pais, NON pode alentar contra a liberdade e os dereitos doutros.

NON tes a obriga de contestar "SI" ou "NON" á folia que o centro vos presente sobre se queredes que o voso fillo ou filla reciba clase de relixión. NON é constitucional ter que declarar, en documento público, sobre a ideoloxía, a relixión ou as crenzas. (Artigo 16.2 da Constitución).

(En todo caso o pai ou a nai que queira, pode facer chegar á escola, o desexo de que o seu fillo ou filla asista a clases de relixión, sen que haxa necesidade de preguntar ao conxunto das familias)

Aínda que inscribas os teus fillos ou fillas en relixión, en calquera momento do curso podes cambiar de opción.

PROFESORADO

Traballa para que o alumnado adquira unha ampla cultura, e coñeza a doutrina e os valores ideolóxicos, culturais e sociais das relixións e doutras convicións morais e filosóficas, para decidir das áreas das ciencias sociais, da historia ou da filosofía. NON é necesaria para os centros a oferta de relixión.

ESTUDIANTES

Tes dereito a recibir unha educación democrática, humanista e científica, que fomente o espírito crítico, que teña en conta a diversidade e eduque na convivencia, que te ensine a pensar e que defenda a liberdade de conciencia. Evita que se vos separe e discrimine formando grupos, en función de crenzas relixiosas.

A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

A escola non é o lugar axeitado para difundir a doutrina relixiosa, os seus códigos, rituais e libros sagrados. A materia de relixión é unha forma de catequese que difunde unha fe e un proxecto evangelizador, moitas veces en contra dos dereitos fundamentais, da normativa legal e de feitos demostrados cientificamente (igualdade de xénero, relacións afectivo-sexuais, prevención de enfermidades, etc.)

Se existe simboloxía relixiosa no teu centro educativo, esixe a súa retirada, xa que, en todo caso, representa só a unha parte da sociedade e non a toda.

Promove, no teu centro, un proxecto educativo laico, que propicie os valores universais comúns a todas as persoas.

Explica que a relixión interrompe o funcionamento común e integral do horario lectivo e impide que ese tempo se dedique a desenvolver outro tipo de áreas e aprendizaxes. Coa normativa actual, a relixión ocupa unha media de 945 horas no conxunto das etapas Infantil e Primaria e de 450 horas na ESO, carga horaria superior á de materias tan importantes como a educación física ou a educación artística.